

Profesor: Xavier Yáñez

Materia: Valores éticos

Curso: 4º ESO

Grupos: A, B

Asunto: ACTIVIDADES A ENTREGAR CANDO VOLTEMOS ÁS AULAS:

Unidade 3 do libro texto, páxinas da 32 a 42.

UNIDADE 3: ÉTICA E GLOBALIZACIÓN

Nacer nun lugar concreto e herdar os xenes dos nosos antepasados son circunstancias determinantes, pero cada un de nós aprende a ser quen é ao longo da vida. É o que chamamos o proceso de socialización. Durante moitas xeracións, a familia, o barrio, os amigos e as institucións políticas locais ou relixiosas influían na forma de ver o mundo. Non obstante, as cousas cambiaron de forma radical: a tecnoloxía, Internet, os medios de comunicación e as viaxes acurtaron as distancias. Entramos en contacto con outras culturas e xeitos de ver a vida e o que facemos está condicionado por feitos que ocorren moi lonxe dos nosos lugares de orixe.

Isto fai que as fronteiras se dilúan, pero á vez novos riscos e medos aséxannos. Nesta unidade imos explorar algunhas consecuencias da socialización global e os valores irrenunciabes que queremos manter na nosa convivencia.

ACTIVIDADES

1. visualiza o vídeo e identifica as imaxes de crítica á influencia da cultura estadounidense.

<https://www.youtube.com/watch?v=Rr8ljRgcJNM>

<https://www.youtube.com/watch?v=dMfllSvJhiY> (letra en castelá)

2. Que outros elementos atopamos ao noso arredor que tamén son herdanza estadounidense?

3. Que pensa sobre a influencia da cultura estadounidense no resto do planeta?

4. A globalización pon ao alcance de todos os avances do progreso ou é un ben exclusivo para os que posúen o poder?

O COMERCIO GLOBAL E A MELLOR MARCA

Actualmente pódese consumir calquera cousa de calquera lugar e en calquera momento. Iso é bo ou é malo? Imos reflexionar sobre esta cuestión co seguinte exercicio.

ACTIVIDADES

1. Investiga sobre as distintas marcas que hai en diversas categorías de produtos de consumo cotián: zapatillas deportivas, teléfonos, equipos informáticos, automóbiles....

2. Recopila información sobre esas marcas e avalía os seus puntos fortes e

débiles: prezo, popularidade, calidade, opinión dos consumidores ...

3. Fai unha lista cos pros e os contras da marca que consideres mellor na súa categoría.

4. Busca datos en Internet sobre esa marca e despois elabora un esquema ou táboa cos seguintes datos recompilados:

- **Tipo de empresa (sociedade anónima, multinacional, empresa privada, cotización en bolsa....)**
- **Lugar de orixe e da sede central.**
- **Data de fundación.**
- **Ingresos anuais.**
- **Beneficios netos.**
- **Número de empregados.**
- **Lugares de fabricación ou produción.**
- **Outros datos(problemas legais, controversias ou acusacións, políticas de responsabilidade empresarial....)**

Suxestión: do grupo INDITEX é doado atopar moita información. “Somos una de las mayores compañías de distribución de moda del mundo, vendemos en 202 mercados a través de nuestra plataforma online o de nuestras más de 7.000 tiendas en 96 mercados. El grupo está compuesto por ocho marcas: [Zara](#), [Pull&Bear](#), [Massimo Dutti](#), [Bershka](#), [Stradivarius](#), [Oysho](#), [Zara Home](#) y [Uterqüe](#).”

A CULTURA UNIVERSAL

O Dicionario da Real Academia Española define globalización como o proceso polo que as economías e mercados, co desenvolvemento das tecnoloxías da comunicación, adquieren unha dimensión mundial, de xeito que dependen cada vez máis dos mercados externos e menos da acción regular dos Gobiernos.

“ O mundo converteuse nunha aldea global”. Esta cita de Marshall McLuhan, filósofo canadense, é unha metáfora para describir como no noso mundo todo está cada vez máis interconectado, grazas á evolución das comunicacións e ao acceso aos medios de transporte. O que facemos nunha parte do mundo aféctalles a moitas persoas que viven no outro lado. Os recursos, os problemas e as solucións son de todos e os países necesitan estar relacionados.

Esta interdependencia, que tiña unha natureza económica e política, foi evolucionando cara á difusión dunha cultura única que se vai facendo cada vez máis homoxénea co desenvolvemento das tecnoloxías da información e a universalización da sociedade de consumo.

Algúns críticos pensan que este fenómeno é unha ameaza para a supervivencia das culturas locais e minoritarias, así como de valores e formas de vida que teñen unha longa historia e tradición. Un motivo de preocupación é que a pobreza tamén se globalizou e se mantén polos intereses dos mercados.

Outros estudosos defenden a globalización como un fenómeno positivo. Cren que a comunicación entre as culturas fomenta a sensibilidade cara á busca de iniciativas que garantan a protección dos dereitos humanos.

ACTIVIDADES

1. Que exemplos do impacto da globalización podes atopar ao teu arredor (comida, lecer, lingua, cultura)?

2. **Acceder a outras culturas suscitanos algunhas preguntas éticas: cres que os valores son universais? (Pensa en outras culturas coas que convives moi preto como pode ser a xitana, chinesa, etc.)**

QUE COMPRAMOS

<http://comerciojusto.org/publicacion/video-que-es-el-comercio-justo/>

Despois de ver o vídeo debes ler esta información publicada na páxina web de Oxfam Intermón.

Tira do fío

- En España cada persoa gasta unha media de 437 euros ao ano en roupa.
- O sector téxtil move só en Europa 34000 millóns de euros ao día.
- O téxtil reflicte claramente as consecuencias do modelo inxusto da globalización.
- O 80% das persoas que fabrican a nosa roupa son mulleres.
- O perfil medio de quen fai case toda a roupa que levamos é unha muller asiática, que cobra 6 euros ao día, e traballa 12-14 horas.
- Ningunha das 50 compañías líderes do téxtil paga salarios dignos, segundo a Campaña Roupa Limpa.

ACTIVIDADES

1. **Fai un repaso da roupa que levas e busca nas etiquetas o lugar da fabricación.**
2. **Cres que na orixe destas pezas de roupa se pode agochar algunha situación inxusta?**

QUEN EXERCE O PODER?

Grupo Bilderberg

O **grupo Bilderberg**, tamén coñecido como **club Bilderberg**, é unha reunión anual á que asisten aproximadamente as 130 persoas máis influentes do mundo, mediante invitación previa. É obxecto de diversas teorías conspirativas, os membros reúnen en complexos de luxo situados en Europa e USA, onde a prensa non ten ningún tipo de acceso. A súa oficina está en Leiden (Países Baixos) e o nome procede do primeiro hotel no que tivo lugar a primeira reunión, nos Países Baixos.

A crenza de que conciliábulos secretos rexen o mundo é unha constante que resistiu o paso dos séculos.

Existen outros foros internacionais, como o Foro Económico Mundial, que reúne en Davos (Suíza) anualmente políticos, empresarios e expertos estratéxicos. Nos últimos anos, as súas reunións víronse contestadas por manifestacións en contra das medidas que propoñen.

ACTIVIDADES

1. **Busca información sobre as críticas que recibiron e as razóns que as sustentan.**
2. **Fai unha pequena reflexión sobre elas: exercen presión sobre os gobernos, cooperan con eles, son soamente foros de debate, son o verdadeiro poder....**

A QUEN MIRAMOS?

Alfred Nobel

Inventa a dinamita, un explosivo plástico de enorme importancia para a construción, a minería e a inxeñería, pero tamén para a industria militar.

Nobel acumulou unha enorme riqueza, pero tamén certo complexo de culpa polo mal e a destrución que os seus inventos puideran ter causado á Humanidade nos campos de batalla. A combinación de ambas razóns levouno a legar a maior parte da súa fortuna a unha sociedade filantrópica - A Fundación Nobel- , creada en 1900 co encargo de outorgar unha serie de premios anuais ás persoas que máis fixeran en beneficio da Humanidade nos terreos da física, química, medicina ou fisioloxía, literatura e paz mundial, e a partir do ano 1969 tamén na economía.

ACTIVIDADES

- 1. Investiga máis datos sobre a súa vida e obra.**
- 2. Cres que o feito de doar a súa fortuna o redime dos danos orixinados pola dinamita?**
- 3. Investiga a lista dos Premios Nobel dos últimos vinte anos e busca avances que contribuísen á nosa vida no día a día.**
- 4. Cantos premios Nobel españois houbo? En que categoría?**
- 5. En numerosas ocasións, foi moi cuestionado que non houbera Nobel de Matemáticas; investiga por que e da a túa opinión.**
- 6. Imaxina que estiveses na mesma situación de Alfred Nobel e tiveras que crear unha fundación para entregar os premios. Que categorías crearías?**

Iniciativas de voluntariado

As iniciativas de voluntariado van dirixidas a dous ámbitos distintos:

- A acción social que se leva a cabo nun contorno local.
- As de cooperación ao desenvolvemento, que, aínda que recaden fondos nun lugar determinado, van destinadas a axudar os países en vías de desenvolvemento.

ACTIVIDADES

- 1. Elabora unha lista das ONG máis importantes e explica a que tipo de iniciativas dirixen os seus esforzos.**